

# I SEMANA DE FOTOGRAFÍA ANALÓXICA

## "UN ROLO DE FOTOS"

### PROGRAMA

#### **Actividades**

---

Do 5/10 a 2/11: Concurso de fotografía analóxica "Se eu fixen tal mundo...!"

Do 16/11 a 20/11: Obradoiro de fotografía analóxica destinado a que a xuventude nativa dixital, tan afeita á toma de fotografías dun xeito cotiá, coñeza os principios elementais da fotografía, así como os segredos do manexo dunha cámara analóxica, os principios básicos do revelado, ampliadoras, etc. Este obradoiro será impartido polo fotógrafo de Guadix, Torcuato Fandila.

21/11: Quedada fotográfica coas persoas participantes no obradoiro de fotografía analóxica e aqueloutras persoas que se anoten.

Do 7/12 a 10/1: Exposición de gran formato en lona, nos 36 arcos do Claustro Barroco do Mosteiro de Celanova, coas fotografías seleccionadas do concurso "Se eu fixen tal mundo..!"

#### **Actividades paralelas**

---

21/11: Foro de debate con xornalistas de medios locais cos que analizaremos a situación do xornalismo de opinión fronte ó balbordo das redes sociais e proporemos unha reflexión arredor da necesidade do xornalista na sociedade actual, baixo o fío condutor do lema: "Se eu fixen tal mundo..."

O formato elixido é o dunha mesa de redacción, con proposta de temas concretos a debater e redacción dunhas conclusións que serán divulgadas a través dos medios de comunicación, así como nas propias redes sociais.

Finalmente haberá un xantar organizado polo alumnado do Obradoiro de Emprego "Calderetas", que será servido na Sala da Lareira da Casa dos Poetas, o mesmo lugar onde terá lugar a mesa de redacción. Serán convidados a participar

arredor dunha ducia de xornalistas dos medios de comunicación instalados en Ourense.

A tertulia será retransmitida por streaming e as conclusións serán publicadas na web da Fundación Curros Enríquez e compartidas nas redes sociais.

22/11: "Vestidos de domingo": Co fin de contextualizar o significado propio da fotografía analóxica no seu momento de máxima introdución social e coñecer tamén as distintas técnicas previas á chegada da película de celofán, trátase de promover aquelas persoas que o desexen consigan unha fotografía antiga da que fosen protagonistas, sos ou cos familiares e amigos, e procurando o mesmo escenario ou un escenario semellante, realizar a mesma toma fotográfica, pero catro ou cinco décadas despois.

Promoción do encontro nas redes sociais, documentación impresa e medios de comunicación.

## CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ANALÓXICA

“SE EU FIXEN TAL MUNDO...”

No libro “Aires da miña terra”, do cal estamos conmemorando o 140 aniversario, Manuel Curros Enríquez incluíu un poema titulado “Mirando ó chau”, co que o poeta quixo denunciar a degradación social na que estaba inmersa a humanidade no momento que lle tocou vivir.

Para realizar unha descrición gráfica da situación, o autor botou man da figura literaria dun Deus xa ancián que un día decidiu saír a dar un paseo e, dende tan singular atalaia, divisar o resultado da súa creación.

Sen embargo, ó ver labregos asfixiados polo traballo e a miseria, mendigos e farrapentos asediados polo fantasma da fame, malos gobernos martirizando ós seus pobos e nenos aprisionados no máis absoluto analfabetismo, sentiu unha profunda carraxe que o fai responsable de tanta ignominia, rematando a súa contemplación cun amargo lamento: “Se eu fixen tal mundo..., que o demo me leve!”

Pois ben, nestes momentos tan convulsos que estamos a atravesar e que nos demostran ata que punto os ciclos da historia son repetitivos, o que pretendemos con esta proposta é promover unha reflexión colectiva a través da fotografía. Pero non por medio da fotografía dixital actual -tan forzada por conceptos de inmediatez que lle restan valor á imaxe como documento-, senón a través da fotografía analóxica que, polas súas propias singularidades técnicas precisa de dinámicas máis pausadas e reflexivas.

Velaí a razón pola que propoñemos esta semana, así como o concurso de fotografía analóxica baixo o lema “Se eu fixen tal mundo...”, pois o que perseguimos é, precisamente, que as imaxes que participen nel sexan imaxes que nos fagan pensar en se tamén debemos ou non debemos sentirmonos defraudados polo mundo no que nos ten tocado vivir.

Esta convocatoria terá como resultado unha selección de 36 fotografías que serán reproducidas en lonas de amplo formato e que permanecerán expostas nos 36 arcos do Claustro Barroco do Mosteiro de Celanova durante o mes de decembro do presente ano, coa vocación de visitar logo por

outros espazos de Galicia relacionados con casas museo e fundacións de escritores no marco da colaboración que vimos mantendo con elas dende hai anos.

## **BASES :**

### **Temas**

A temática do concurso terá relación co lema que preside a convocatoria e que se ve resumido nos derradeiros versos do poema de Manuel Curros Enríquez "Mirando ó chau": "Se eu fixen tal mundo, que o demo me leve!"

As fotografías que sexan presentadas deberán aludir, logo entón, a escenas ou situacións que nos fagan pensar en que estamos facendo para que os grandes eivas sociais que xa denunciaba Curros hai 140 anos en "Aires da miña terra" continúen en moitos casos vixentes aínda que sexa en contextos sociais, económicos, xeográficos ou medioambientais ben diferentes.

As imaxes que se presenten a concurso non teñen por que ser fotografías realizadas nestes mesmos momentos, senón en calquera outro tempo, sempre e cando, iso si, non fosen premiadas noutros concursos de fotografía, locais, nacionais ou internacionais.

### **Tipo de fotografías**

As fotografías deberán ter sido tomadas en película fotográfica de calquera formato no relativo ás súas dimensións da película e poderán teren sido realizadas, así mesmo, en color ou en branco e negro, tanto se fosen impresas en película de negativo ou en formato de diapositivas.

### **Inscripción**

A inscrición será gratuíta.

Poderán participar todas aquelas persoas que, antes das 14:00 h do día 2 de NOVIEMBRE de 2020, remitan a película (en negativo ou diapositiva) por correo postal ou empresa mensaxeira, ó seguinte enderezo postal:

Fundación Curros Enríquez

Rúa Curros Enríquez 37

32.800 Celanova (Ourense).

Cada participante poderá remitir un máximo de 3 fotografías

Os negativos ou diapositivas que sexan enviados deberán ser numerados e identificados cun pseudónimo, co que tamén será identificado un sobre pechado de acompañamento no que serán incluídos os datos persoais e de contacto da persoa participante.

### **Premios**

---

Os premios, ós que se lles aplicará a retención fiscal vixente, serán:

1º	1.000 €
2º	500 €
3º	300 €

### **Xurado e votación**

---

O xurado realizará unha primeira selección de 36 fotografías que serán as que formen parte da exposición prevista

**PRESIDENTE:** O presidente da Fundación Curros Enríquez ou persoa na que este delegue.

**VOCAIS:** Estará composto por cinco persoas relacionadas co mundo da fotografía, imaxe, artes ou medios de comunicación.

**SECRETARIO:** O Secretario da Fundación Curros Enríquez.

De entre os 36 traballos seleccionados para a exposición, o público asistente será o que elixa as tres fotos gañadoras dos premios coa súa votación, en base ós seguintes criterios:

- Coherencia coa temática proposta
- Orixinalidade da fotografía
- Calidade artística: definición, tema, cadro, etc.

### **Exposición**

---

As 36 fotografías seleccionadas polo xurado formarán parte dunha exposición en lonas de amplo formato que serán colocadas nos 36 arcos do Claustro Barroco do Mosteiro de

Celanova ou, no seu defecto, nas propias paredes interiores do devandito claustro.

### **Dereitos de propiedade e aceptación**

---

Os/as participantes asumen o compromiso de seren eles autores da fotografía presentada.

Os gañadores cédennlle á Fundación Curros Enríquez os dereitos de reprodución dunha imaxe que será enmarcada e sorteada entre o público asistentes á exposición que formalizara a súa votación.

Os autores seleccionados para a exposición permiten a reprodución das fotografías e o seu envío ós medios de comunicación e ás redes sociais a efectos de divulgación da exposición.

A participación no concurso implica a total aceptación destas normas.

Celanova, a 2 de outubro de 2020

# OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA ANALÓXICA

## Introducción

Vivimos na época máis visual da historia. Hoxe en día, practicamente todo na vida dunha persoa se rexistra en fotografías. Os datos falan: cada 24 horas, súbense arredor de 80 millóns de imaxes a Instagram e todos levamos unha cámara de fotos no peto permanentemente. Se tan rodeados estamos de imaxes, por que non lle damos a importancia que merecen? Que todos levemos esa cámara con nós a diario non nos converte en fotógrafos, senón que hai uns parámetros básicos que deberíamos coñecer para poder sacarlle á fotografía todo o seu partido.

## Obxectivos

A idea fundamental deste taller consiste en coñecer a técnica básica para facer fotos, como é exposición, composición ou enfoque. Pero, sobre todo, trátase de educar ó ollo para que valore a fotografía como arte e aprenda a observar o mundo dende unha perspectiva fotográfica. Non se trata de crear fotógrafos profesionais, senón de que aprendamos a aumentar a calidade das imaxes que tomamos do noso día a día e que coñezamos, polo tanto, as bases técnicas da denominada agora fotografía analóxica.

## Temario

O taller contará cunha primeira parte teórica e unha segunda parte de coñecemento práctico, rematando cunha quedada que servirá de resumo práctico dos coñecementos adquiridos.

1. A Cámara e a óptica
2. Composición e encadre
3. Profundidade de campo e velocidade
4. Luz e temperatura
5. Tipos de fotografía
6. O proceso de revelado

## Impartido por:

Torcuato Fandila García de los Reyes é un fotógrafo granadino natural de Guadix (localidade irmandada con Celanova), que conta cunha longa experiencia profesional iniciada hai máis de 30 anos e que ten explorado en campos tan diversos coma o comercial, o periodístico, a docencia ou a investigación.

## FORO DE DEBATE

### O XORNALISMO DE OPINIÓN NA SOCIEDADE ACTUAL

- 21/11: Foro de debate con xornalistas de diferentes ámbitos da información, cos que analizaremos a situación do xornalismo de opinión fronte ó balbordo das redes sociais e proporemos unha reflexión arredor da necesidade do xornalista na sociedade actual, baixo o fío condutor do lema: "Se eu fixen tal mundo..."
- O formato elixido é o dunha mesa de redacción, con proposta de temas concretos a debater e redacción dunhas conclusións que serán divulgadas a través dos medios de comunicación, así como nas propias redes sociais.
- Serán convidados a participar entre 6 e 10 profesionais de distintos ámbitos do xornalismo.
- A tertulia será retransmitida por streaming e as conclusións serán publicadas na web da Fundación Curros Enríquez.
- Finalmente haberá un xantar organizado polo alumnado do Obradoiro de Emprego "Calderetas", que será servido na Sala da Lareira da Casa dos Poetas, o mesmo lugar onde terá lugar a mesa de redacción.



## VESTIDOS DE DOMINGO

### Vidas vividas

Nuns momentos nos que o valor da fotografía como documento evocativo está tan depreciado, preséntase este proxecto co obxectivo fundamental de chegar ás xentes que experimentaron na súa mocidade a emoción iniciática de colocarse fronte a unha cámara fotográfica e mesmo o devezo de ter que agardar varios días para poder ver o resultado final da imaxe, e espertar neles novamente esas sensacións vividas hai tantos anos, de sentiren a súa imaxe revalorizada e o orgullo de volvela inmortalizar co engadido dos anos vividos e o engado que supón tamén como regalía icónica para os seus familiares.

O proxecto componse:

- A) Instantes revividos: Que cada quen procure unha foto antiga que lle gustaría repetir, só ou cos seus familiares e amigos, catro ou cinco décadas despois e, procurando o mesmo escenario ou un escenario semellante, inmortalizar a mesma imaxe da reprodución antiga.
  
- B) Noutro marco: Proposta de retratos de parella para matrimonios que aínda se senten novos:
  - a. Retratos de parella a persoas maiores para que a foto que presida o salón non sexa só aquela do matrimonio.